



Palabras do Director da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas, Don José Benito Vázquez Dorrío.

Boas tardes, alumnos, familias, autoridades e colegas. Empezo agradecendo as palabras do egresado, do alumnado e do ex-Director, moito do dito é compartido por nós.

Unha das vantaxes de ser Director dun centro universitario é poder falar e estar nesta posición nun Acto de Gradación como este, posiblemente un dos feitos máis importantes durante un curso académico, xa que supón reunir no espazo e no tempo aos titulados coas súas familias, co seu profesorado, co persoal de apoio e servizos, cos representantes dos colexios profesionais, cos responsables das administración públicas e coas empresas do sector: unha declaración de intencións do que representa a Universidade como punto de intersección de todos eses colectivos sendo ao mesmo tempo unha forma de render contas á Sociedade polo noso traballo realizado.

Igual que un escritor coas palabras, un pintor cos seus cores, ou o músico cos sons, as ferramentas básicas con que traballan os nosos titulados son aquelas que fan un aproveitamento sustentable dos recursos materiais e enerxéticos da Terra. Os nosos titulados son técnicos especialistas en sectores estratéxicos para a Sociedade vinculados á explotación e xestión de recursos naturais, ao medio ambiente, aos novos materiais, ás obras públicas ou á enerxía. Neste último campo, o da enerxía (todo é enerxía, que diría un Físico), os Enxeñeiros de Minas comparten campo de actuación en igualdade de condicións cos Enxeñeiros Industriais.

Hoxe parece que remata un ciclo para a titulación de Enxeñaría de Minas. No ámbito educativo os ciclos os pecha a Lexislación, neste caso coa implantación no seu día do Espazo Europeo de Educación Superior que, entre outras cousas, pon agora o foco nunha atención máis personalizada na formación do alumnado. A extinción obrigada da docencia da titulación de Enxeñaría de Minas neste curso 2013-2014 da paso no curso 2014-2015 ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, que continúa de forma natural coa formación que habilita para a profesión regulada de Enxeñeiro/a de Minas neste novo paradigma educativo, e ao que poden acceder directamente o alumnado dos nosos graos de Enxeñaría da Enerxía e dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

Desde a súa creación en 1992 a ETSE de Minas licenciou a 626 Enxeñeiros/as de Minas (459 homes e 177 mulleres). Non parece moito, pero é un número suficiente para cubrir as necesidades dos sectores estratéxicos nos que traballan os nosos titulados e que non saturan o mercado con universitarios aos que logo lles costa encontrar traballo en ámbitos para os cales recibiron a súa formación.

Como alumnado recibides unha formación académica ampla e profunda que vos converte en técnicos versátiles e cun alto potencial laboral. Ides cargados de coñecementos, que teredes que actualizar nun mundo laboral que evoluciona agora moi rapidamente: todos temos que seguir formándonos, os profesores e investigadores tamén. Un bó exemplo é hoxe o alumnado titulado do noso Máster en Tecnoloxía Medioambiental. Para favorecer

eses cambios de reciclado e actualización no futuro, levades ademais unha mochila cargada de competencias, habilidades e valores adquiridos durante a vida universitaria na nosa escola, en espazos diferentes as aulas e laboratorios, participando activamente: en comisións e órganos de representación do centro e da Universidade, reunímonos moito, as veces demasiado; nas labores de organización cos compañeiros de Teleco e Industriais do Foro Tecnolóxico de Emprego; nas actividades deportivas coas escolas irmáns de Europa no Cartel de Minas, grazas a iso, este ano si que nós gañamos un campionato de fútbol en Francia en lugar de en Brasil; en propostas de defensa do patrimonio cultural, xeolóxico e mineiro como as que realiza a Sociedade Mineralóxica Galega ou Mundo Mineiro; en estudos de xénero que visibilizan o inevitable papel da muller nas enxeñarías, como o realizado fai pouco por un grupo de profesoras do centro sobre todas as nosas egresadas; ou en actividades de transferencia, divulgación e difusión social da Ciencia e a Enxeñaría que cada ano traen ao noso centro a máis de mil persoas a coñecer os nosos laboratorios de investigación e envían á Sociedade unha mensaxe da importancia do traballo dos nosos titulados e a necesidade de inversión en I+D+i; ou finalmente en accións de voluntariado, de interese social (como as que organiza a Delegación de Alumnado) ou sensibilización medioambiental como a iniciativa Adopta unha Árbore, xa sabedes que Don Ramón Otero Pedrayo tiña na súa casa unha árbore a cal consideraba o seu irmán ao que sempre volvía a visitar, vos podeades facer o mesmo con esta a vosa casa académica.

Para rematar quería ter unhas palabras de recoñecemento para os dous profesores que neste curso deixan a súa docencia nos nosos graos, Don José María Lanaja Del Busto (un Enxeñeiro de Minas) e Don Pedro Merino Gómez (un Enxeñeiro Industrial), ambos dedicados no seu tempo a tarefas de xestión universitaria, como as que agora de forma temporal eu (un Físico) levo a cabo para a comunidade do noso centro. Nun centro que xurdiu no ano 1992 da colaboración intelixente das Áreas de Coñecemento con docencia na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais para crear daquela na Universidade de Vigo a terceira titulación desas características en España: única, singular e esencial para calquera país industrializado. Para a Dirección da ETSE de Minas esa colaboración intelixente entre ambas Escolas de Enxeñaría é necesaria, como a que xa se utilizou no seu día para o deseño do Grao de Enxeñaría da Enerxía, un grao xurdido do esforzo, do acordo e do intercambio palabras entre a ambos centros, a ETSEM e a EEI. Decía un Físico, Don Alberte Einstein, "... as palabras forman parte da maxia... e constitúen o principal medio de influencia entre os homes...". A Sociedade, á cal temos que render contas, non está para que a Universidade e os seus titulados actúen sen esa intelixencia.

Moitas grazas e boa sorte, que tamén fai falta.